



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ORDINARIA do 18 de XULLO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cinco minutos do día dezaioito de xullo de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

A concelleira Sra. Caride Estévez incorpórase á sesión no punto 6.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(545).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de xullo de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(546).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE 1. EXPTE. 18923/101.

Visto o informe xurídico do 03/07/2025 e o informe de fiscalización do 07/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2025, asinado pola xefa do

departamento administrativo da Alcaldía, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 adoptou o acordo de adxudicación a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) por un prezo total do contrato é de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros. A empresa propón un prezo unitario unitario de 50,00 euros (IVE incluído) e un incremento do número mínimo de flores esixidas para cada centro:

- Centros para vodas:0 (nº) media ducia de flor.
- Centros para acollementos:1 (nº) media ducia de flor.
- Centros para eventos institucionais: 1 (nº) media ducia de flor.

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 19 de xullo de 2022 e na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 20/07/2022. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023, acordou a aprobación da primeira prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de xullo de 2024, adoptou acordou a aprobación da segunda prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2024 e 19 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.

Quinto.- En data 27 de maio de 2025, comunicouse a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) a través de notificación electrónica: A finalización do prazo inicial da segunda prórroga do contrato día 19 de xullo de 2025, e o pre-aviso da terceira e última prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 20 de xullo de 2025 ao 20 de xullo de 2026, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Sexto.- En data 6 de xuño de 2025, a través do Rexistro Electrónico manifesta a súa conformidade á terceira e última prórroga.

Sétimo.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023, acordou a aprobación da primeira prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de xullo de 2024, adoptou acordou a aprobación da segunda prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2024 e 19 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.

Sexto.- En data 27 de maio de 2025, comunicouse a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) a través de notificación electrónica:

A finalización do prazo inicial da segunda prórroga do contrato día 19 de xullo de 2025, e o pre-aviso da terceira e última prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 20 de xullo de 2025 ao 20 de xullo de 2026, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Sétimo.- En data 6 de xuño de 2025, a través do Rexistro Electrónico manifesta a súa conformidade á terceira e última prórroga.

Oitavo.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prorroga do lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101), polo período comprendido entre os 20 de xullo de 2025 ao 20 de xullo de 2026 ambos os



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Noveno.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Décimo.- O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 20 de xullo do 2025 e 19 de xullo de 2026, ambos os dous incluídos.

Décimo primeiro.- O importe do prezo da prórroga do lote 1 do contrato é de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía. Sendo o cálculo dos importes previstos para 2025 e 2026 os seguintes:

Ano 2025: 4.479,77 € (do 20 de xullo ao 31 de decembro de 2025).

Ano 2026: 4.479,77 € (1 de xaneiro ao 19 de xullo de 2026).

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a terceira e última prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R), polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2025 e 19 de xullo de 2026, ambos os dous incluídos.

Segundo- Autorizar o gasto estimado por un importe total de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros a favor de BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” e sendo os importes previstos para os anos 2025 e 2026 os seguintes:

Ano 2025: 4.479,77 € (do 20 de xullo ao 31 de decembro de 2025).

Ano 2026: 4.479,77 € (1 de xaneiro ao 19 de xullo de 2026).

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) adxudicataria indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(547).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DEPORTIVOS PARA ÁREAS DE CALISTENIA EN TEIXUGUEIRAS, SAMIL E JACINTO BENAVENTE. EXPTE. 51186/446.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 09/07/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos deportivos para áreas de calistenia en Teixugueiras, Samil e Jacinto Benavente (51186-446) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos deportivos para áreas de calistenia en Teixugueiras, Samil e Jacinto Benavente (51186-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de abril de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DEPORTIVOS PARA ÁREAS DE CALISTENIA EN TEIXUGUEIRAS, SAMIL E JACINTO BENAVENTE, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 26 de decembro de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 27 de febreiro de 2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 102.663,49€, que inclúe un IVE de 17.817,63€, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.6190015 "Parques infantís e biosaudables", do vixente orzamento 2025.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 12 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos deportivos para áreas de calistenia en Teixugueiras, Samil e Jacinto Benavente (51186-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
1	BENITO URBAN, SLU	55.666,62 €
2	MOBIPARK, SL	60.340,59 €
3	INSTALACIONES MANUEL PLAZA, SL	60.414,00 €
4	BRICANTEL, SL	68.388,55 €
5	OURI ENTRENIMIENTOS, SL	69.096,00 €

	<i>Licitador</i>	<i>Prezo ofertado (sen IVE)</i>
6	<i>OBRAS MONTAJES INSTALACIONES Y PROYECTOS, SL (OMIP)</i>	69.293,26 €
7	<i>URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, SL</i>	69.900,00 €
8	<i>ZONA DE OBRA O ROSAL, SL</i>	75.088,59 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BENITO URBAN, SLU, para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 18.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- 1. Acreditación da constitución garantía definitiva, segundo se esixe no apartado 9 do Anexo I (FEC) e na cláusula 19 do PCAP.*
- 2. Anexo IV do PCAP co nomeamento do/a delegado/a do contrato, o acordo de confidencialidade e autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas e a declaración de non estar incurso en prohibición para contratar.*
- 3. Acreditación da solvencia económica e da solvencia técnica esixidas no apartado 5 do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- 4. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.”*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BENITO URBAN, SLU, o día 12 de xuño de 2025, que presenta a documentación requirida o 18 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de xuño de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a BENITO URBAN, SLU para que puidera emendar a documentación relativa á representación da persoa asinante da documentación. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, xunto coa escritura de apoderamento do seu representante.
- O certificado positivo de débedas da ATRIGA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (59.392,10 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (71.864,44 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Aval por un importe de 2.783,33 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BENITO URBAN, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BENITO URBAN, SLU, de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 4 de xuño de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BENITO URBAN, SLU o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos deportivos para áreas de calistenia en Teixugueiras, Samil e Jacinto Benavente (51186-446) por un prezo total de 67.356,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.689,99 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(548).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR. EXPTE. 2111/441.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 09/07/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e Reiseñor (2111-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e Reiseñor (2111-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”, redactado polo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €) e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 21.02.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 1532.6190008 - proxecto de gasto 25153208 (Humaniz.San Roque, Greg.Espino), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	1.992.818,03 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 19 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e Reiseñor (2111-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ORECO BALGON, SA	91,88
2	NAROM, SL	79,93
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)	35,32
4	CIVIS GLOBAL, SLU	25,51

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de

Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGÓN, SA, o día 20 de xuño de 2025, que presenta a documentación requirida o 4 de xullo de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o nomeamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo E - Subgrupo 1 - Categoría 4) presentan a documentación da mercantil que aporta a devandita clasificación como medio externo.
- Seguro de caución por un importe de 80.635,02 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGÓN, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGÓN, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 28 de maio e 16 de xuño de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de xuño de 2024), o 19 de xuño de 2024 de ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non presentou xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións de Vías e Obras o 16 de xuño de 2025.

Segundo.- Adxudicar a ORECO BALGÓN, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e Reixón (2111-441) por un prezo total do contrato de 1.951.367,41 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 338.667,07 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(549).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES – BOUZAS”. EXPTE. 2252/441.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 09/07/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación integral da cuberta da bancada do campo de fútbol Baltasar Pujales – Bouzas” (2252-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación integral da cuberta da bancada do campo de fútbol Baltasar Pujales – Bouzas” (2252-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES - BOUZAS", redactado e asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación co día 01.04.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS TRES MIL SEISCENTOS SESENTA E UN EUROS con NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (303.661,93 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, con cargo á na partida orzamentaria 3420.632 00 11 (Invest. Mellora inst. Deportivas) - proxecto de gasto 25342014 segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	303.661,93 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 30 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación integral da cuberta da bancada do campo de fútbol Baltasar Pujales – Bouzas” (2.252-441) na seguinte orde descendente:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

	Licitador	Puntuación total
1	OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, S.L.	85 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, o día 30 de xuño de 2025 que presenta a documentación requirida o 3 de xullo de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil, os estatutos co obxecto social, o nomeamento do seu representante e a clasificación. Asemade, no certificado do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- A escritura de constitución da licitadora onde figuran os estatutos co obxecto social e o nomeamento do representante.
- O DNI do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C - subgrupo 3 - categoría 2) presentan a clasificación Grupo C - subgrupo 3 - categoría 3.
- Aval por un importe de 11.500,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 23 de xuño de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 27 do mesmo mes, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación integral da cuberta da bancada do campo de fútbol Baltasar Pujales – Bouzas” (2252-441) por un prezo total do contrato de 278.300,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.300,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á SESIÓN A CONCELLEIRA SRA. CARIDE ESTÉVEZ.

6(550).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES E COSTEIRA-SAIÁNS. EXPTE. 98836/332.

Visto o informe xurídico do 03/07/2025 e o informe de fiscalización do 09/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/06/2025, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 17 de marzo de 2024, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Lavadores (Santa Cristina) e Saiáns (Costeira).

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 17/03/2024.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 217/03/2024 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, de data 09/04/2025.
- Documentos contables RCFUT 39673 por 1.215.012,92 euros e RCFUT 39674 por 1.214.761,60 euros, de data 14/04/2025.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e cinco Anexos, de data 07/05/2025, redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, de data 07/05/2025.
- Anuncio de información previa, publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 28/05/2025.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de Educación o 02/06/2025.

- Informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 05/06/2025, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 26/06/2025, redactado pola xefa da Area de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión parcial das Escolas Infantís Municipais “Santa Cristina” de Lavadores e “Costeira” de Saiáns, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil (de 0 a 3 anos) como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola e a xestión e administración dos centros baixo a coordinación do Servizo de Educación, de acordo cos requisitos establecidos nos correspondentes pregos.

Duración: A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 607.443,63 euros, exento de IVE, coa seguinte distribución por lotes: Lote 1 303.753,23 euros (EIM Lavadores) e Lote 2 303.690,40 euros (EIM Saiáns), polo que o prezo total do contrato é de 2.429.747,51 euros.

Aplicacións orzamentarias: 3230.227.9904 (Escola infantil Lavadores) e 3230.227.9907 (Escola infantil municipal Saiáns).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Lavadores e de Saiáns.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/05/2025, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 26/06/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Lavadores e de Saiáns.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 2.429.747,51 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Lavadores e de Saiáns, con cargo ás aplicacións orzamentarias 3230.227.9904 (Escola infantil Lavadores) e 3230.227.9907 (Escola infantil municipal Saiáns), e subordínase a autorización do gasto á



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

ANUALIDADE	Importe (exento de IVE)		
	Lote 1: Santa Cristina-Lavadores	Lote 2: Costeira-Saiáns	TOTAL
2026 (11 meses)	303.753,23	303.690,40	607.443,63
2027 (11 meses)	303.753,23	303.690,40	607.443,63
2028 (11 meses)	303.753,23	303.690,40	607.443,63
2029 (11 meses)	303.753,23	303.690,39	607.443,62
Total	1.215.012,92 €	1.214.761,59 €	2.429.747,51 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(551).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES. EXPTE. 21644/77.

Visto o informe xurídico do 08/07/2025 e o informe de fiscalización do 10/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e Distritos, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de setembro de 2023 adoptou o seguinte acordo, en relación coa PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES (19881/77):

“(…)

3. Adxudicar a UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 292.766,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.810,76 euros.*
- b) Incrementa a experiencia do persoal para adscribir ao contrato en:*
 - Coordinadora: máis de 6 anos.*
 - Técnico 1: máis de 6 anos.*
 - Técnico 2: 4 anos.*
 - Técnica 3: máis de 6 anos.*
 - Técnica 4: 6 anos.*
 - Técnico 5: máis de 6 anos.*
 - Técnica 6: máis de 6 anos.*
 - Técnico 7: máis de 6 anos.*
 - Técnico 8: máis de 6 anos.*
 - Técnico 9: máis de 6 anos.*
 - Técnica 10: máis de 6 anos.*
 - Técnica 11: 6 anos.*
 - Técnica 12: 5 anos.*
 - Técnica 13: 4 anos.*
 - Técnica 14: 4 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”.

II. Con data 17/10/2023, a Concelleira de área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal asinou o contrato coa representante da entidade mercantil.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

No apartado 4.C das FEC e no apartado 7 da memoria xustificativa se prevé unha (1) prórroga dun (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 2 anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada da Área de Goberno de Contratación, contemplándose 1 prórroga de un ano de duración.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

O contrato foi formalizado con data 17/10/2023 iniciándose a súa execución o día seguinte (18/10/2023), polo que, o seu prazo finalizará o 17/10/2025.

III. De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, iníciase o presente expediente para a prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 18/10/2025 – 17/10/2026.

IV. A través da notificación co número de saída 76123-2025-1 recibida o 05/06/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PCAP dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación co número de saída 76123-2025-1, recibida o 05/06/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017 e apartado 7.3 do PAC.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución a partir do día seguinte á súa formalización (18/10/2023), con data 17/10/2023, o seu prazo finalizará o vindeiro 17/10/2025.

En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevé unha prórroga dun ano de duración.

II. Na actualidade, o SERVIZO DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 146.383,38 € (IVE incluído) e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2270610 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES,

quedando distribuído o prezo para o período 18/10/2025 - 17/10/2026, nas anualidades que se indican de seguido:

Ano 2025		Prezo con IVE
Outubro (13 días)	5.286,07 €	29.683,30 €
novembro-decembro	24.397,23 €	
Ano 2026		
xaneiro-setembro	109.787,54 €	116.700,08 €
Outubro (17 días)	6.912,54 €	
TOTAL CONTRATO		146.383,38 €

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores (expte. 19881/77).

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

VI. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista do exposto anteriormente e das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordos da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) e do 28 de xuño de 2024, e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores (expte. 19881/77) adxudicado a **UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.** por acordo de Xunta de Goberno Local do 22 de setembro de 2023, para o período comprendido entre 18/10/2025 – 17/10/2026, polo importe de 146.383,38 € (IVE incluído), e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2270610 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES, manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 146.383,38 €.

Aprobar o gasto do exercicio corrente 2025 por importe de 29.683,30 €, e asumir o compromiso de incluír nos orzamentos do exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 116.700,08 € no exercicio 2026.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(552).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO. EXPTE. 92194/212.

Omítese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

9(553).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE AVALIACIÓNS DE RISCOS PSICOSOCIAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40661/220.

Visto o informe xurídico do 09/07/2025 e o informe de fiscalización do 11/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/06/2025, asinado polo técnico de Planificación e Organización de RRHH, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 27 de setembro de 2023 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de QUIRÓN PREVENCIÓN S.L.U, para a prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22 de setembro de 2023, resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 40661/220).

No apartado 4.C das FEC (follas de especificación do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares “Prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración” determínase expresamente a posibilidade dunha prórroga de un ano de duración.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 27 de setembro de 2023, e a prestación do servizo comezou ao día seguinte da súa sinatura, co que remata o 27 de setembro de 2025. O prezo total do contrato é de 30.000€ distribuídos en 3 anualidades e, segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

Segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/09/2023, está en execución o contrato que finaliza o próximo 27/09/2025.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”*. O preaviso ao adxudicatario foi realizado o 20/06/2025.

En consecuencia, procede efectuar a prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro de 2023 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e, informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de “Estudo de Plans autoprotección e avaliación de riscos laborais” (aplicación 920.1.2270601), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da Área de Recursos Humanos e Formación para o exercicio económico 2025.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente o funcionario que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo, formalizado en data 27 de setembro de 2023 coa empresa QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U, con CIF B64076482,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

para o período comprendido entre o 28 de setembro de 2025 e o 27 de setembro de 2026, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xullo de 2023; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 15.000,00€ euros, con cargo á aplicación orzamentaria “Estudo de Plans de autoprotección e avaliación de riscos laborais” (aplicación 920.1.2270601), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

Ano 2025: 4.384,97 euros.

Ano 2026: 10.615,03 euros

Segundo.- Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(554).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 46508/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/07/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 6 de xuño do 2025, acordou a aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico, e tramitada no presente expediente electrónico nº 46.508-220.

Ditas actuacións enmárcanse na actividade municipal continuada tendente á efectiva execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022; tendo sido publicado dito acordo no BOPPO nº 224, do martes 21 de novembro do 2023.

2.- Consta a realización dun trámite de audiencia, previo á aprobación da convocatoria e bases indicadas, coa finalidade de que a totalidade dos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva puidesen presentar alegacións ao efecto.

Dito trámite, que consta documentado no expediente, outorgaba un prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións (trámite 6 do expediente) ao respecto da proposta da Área de Xestión Patrimonial e Territorial referida.

Consta no expediente un certificado de notificación electrónica aos sindicatos UGT (notificado en data 10/04/2025, receptor D. M. Vas Costa, trámite 41 do expediente); CSI-CSIF/SICO (notificado en data 11/04/2025, receptor D. D. Pena González, trámite 43 do expediente) e CIG (notificado en data 10/04/2025, receptora D^a. M. Del Castillo Fernández-Pacheco, trámites 38 a 40 do expediente)

Emitido informe-proposta ao órgano municipal compentente (Xunta de Goberno Local) e fiscalizada a proposta en forma favorable pola Intervención Xeral Municipal (trámite 66 do expediente, sinatura electrónica de 15/05/2025) o expediente se remite novamente á Área de Recursos Humanos e Formación.

Pola instrutora asinante se detecta que durante a permanencia do expediente nº 46.508-220 na Intervención Xeral incorpóranse en data 13/05/2025 dous novos trámites (o 59 e o 60); trámites nos cales constan dous acuses de recibo web de notificacións electrónicas enviadas en data 10/04/2025 (notificación número 53772-2025) ao sindicato nacional (sn) de CCOO, verificándose tales acuses de recibo ao recibir o expediente fiscalizado.

Amáis delo, consta a comunicación, en data 10/04/2025, ao sn de CCOO da posta a disposición documentación relativa ao trámite de audiencia por vía SMS, correo electrónico aos enderezos (en número de 3 direccións) e número de teléfono proporcionados conforme ao establecido na vixente Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo; constando ditas comunicacións efectuadas por persoal administrativo da Área de RRHH e Formación na sinalada data 10/04/2025 (trámites 34, 35, 36 e 37) segundo a información obrante na aplicación xestora de expedientes para o expediente nº 46.508-220.

Sen prexuízo do antedito, e en garantía da debida audiencia sindical, estimouse necesario solicitar informe á xefatura do Servizo de Administración Electrónica respecto da posta a disposición e accesos ás notificacións enviadas co número 53772-2025, observando o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais. Informe que se emite en data 22/05/2025 (trámite 74 do expediente) e no cal se sinala, entre outras cuestións, que "consta efectivo envío dos avisos de notificación electrónica nos trámites 34 a 37 (CRO-SMS) sen que poidamos constatar a recepción dos mesmos".

En garantía da debida audiencia no presente procedemento, foi considerado que o sn de CCOO dispuña do prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao do acuse de recibo da notificación (recibida o 13/05/2025) documentándose na dilixencia de constancia nº 3 (trámite 75 do expediente) que, transcorrido dito prazo, non consta a presentación de alegacións no período comprendido entre o 14/05/2025 e o 27/05/2025 (ambos inclusive).

3.- Contra o acordo de aprobación das bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local en data 6 de xuño do 2025, publicado no BOPPO núm. 111, do xoves 12 de xuño do 2025, consta presentado o seguinte recurso de reposición:

Recorrente	Data	Nº de documento
E. Alonso Rodriguez (sn de CCOO)	16/06/2025	250138107



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

Dito recurso foi desestimado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/07/2025, constando certificación do mesmo incorporada ao expediente (trámite 131)

4.- Na data do luns 14/07/2025 a instrutora asinante ten coñecemento da interposición dun novo recurso, con solicitude de suspensión do acto impugnado, que é o seguinte:

Recorrente	Data	Nº de documento
I. Alonso Regueiro (CIG)	11/07/2025	250182944

5.- Sendo a obriga das Administracións Públicas a de provisión definitiva dos seus postos de traballo con estricta suxeición á normativa vixente, cómpre analizar o recurso presentado, determinando as actuacións procedentes e elevando as correspondentes propostas aos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

CUESTIÓN PREVIA.- Con carácter previo á abordaxe da análise xurídica do presente expediente, déixase constancia expresa do feito de que xa en informes de datas 21/03/2011 (emitido por quen suscribe ao expediente administrativo nº 21.900/220, e cuxo contido foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/03/2011) e 05/05/2017 (emitido tamén por quen suscribe ao expediente electrónico nº 27.913/220) foi posta de manifesto, por primeira vez e que se teña constancia, a necesidade de efectuar a provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, e singularmente daqueles encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación.

Sen que se teñan localizado nos arquivos da área antecedentes documentais datados con anterioridade ao ano 2006, nos cales se sinalase a necesidade de cumprimento de ditas obrigas normativas.

Exposta dita cuestión previa, procédese á emisión de informe sobre os recursos presentados.

I.- SOBRE O RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN: LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN E ADMISIBILIDADE.

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que *“los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto”*; e contemplando o segundo precepto invocado que *“el plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera*

expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso".

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse ao sindicato recorrente a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, en representación dos intereses das persoas empregadas públicas, no caso dos sindicatos.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentado en tempo e forma o recurso relacionado nos antecedentes, dado que a data límite para a interposición de recurso é o 14/07/2025, en aplicación do establecido no art. 30, apartados 4 e 5 da LPACAP ("*4. Si el plazo se fija en meses o años, éstos se computarán a partir del día siguiente a aquel en que tenga lugar la notificación o publicación del acto de que se trate, o desde el siguiente a aquel en que se produzca la estimación o desestimación por silencio administrativo. El plazo concluirá el mismo día en que se produjo la notificación, publicación o silencio administrativo en el mes o el año de vencimiento. Si en el mes de vencimiento no hubiera día equivalente a aquel en que comienza el cómputo, se entenderá que el plazo expira el último día del mes. 5. Cuando el último día del plazo sea inhábil, se entenderá prorrogado al primer día hábil siguiente*")

II.- SOBRE O RECURSO PRESENTADO. ANÁLISE DE VIABILIDADE DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DO ACTO OBXECTO DE IMPUGNACIÓN SOLICITADA.

Relacionado no antecedente 3, o recurso presentado recolle a solicitude de suspensión do acto obxecto de impugnación, alegando a recorrente "*Que se suspensa cautelarmente o acordo da XGL do 06/06/25 en virtude do artigo 117.2 da Lei 39/2015 xa que a súa execución podería causar prexuízos de difícil reparación as persoas aspirantes*"

O propio precepto invocado establece nos seus apartados 2 e 3 o seguinte: "*2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias: a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación; b) Que la impug-*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

nación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley. 3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley."

O acto obxecto de impugnación permite a pública concorrência ao procedemento de provisión definitiva en curso do persoal funcionario de carreira que teña interese real e efectivo en asumir e desempeñar a xefatura convocada (Museos municipais) establecendo a correspondente concorrência, consonte se establece nas bases e no propio acordo impugnado; non alcanzándose a visualizar os concretos "*prexuízos de difícil reparación as persoas aspirantes*" alegados xenéricamente pola parte recorrente na execución dunha convocatoria pública de provisión definitiva como é aprobada, dado que a publicidade e concorrência son unha realidade; e debendo considerar a obriga do Concello de Vigo de executar debidamente a Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022.

No eventual caso de impugnación xurisdiccional do procedemento de provisión recorrido, debe considerarse que o persoal aspirante que poda concorrer a él deberá acreditar a condición de persoal funcionario de carreira, polo cal non se identifica o concreto prexuízo, dado que ninguén perderá a condición de persoal funcionario de carreira, nin o seu traballo (entendido formalmente como vínculo ou relación de servizo) nas Administracións Públicas correspondentes.

En atención a tales motivos, a solicitude de suspensión debe ser desestimada.

En canto ao fondo do asunto, cómpre indicar, primeiramente, a ausencia de presentación de alegacións no trámite de audiencia realizado, en contraste co recurso presentado, debendo salientar que, de tratarse de tan palmarias e graves as presuntas vulneracións de dereitos que se alegan, correspondería ter sido postas de manifesto dende o inicio, e obviamente no trámite de audiencia do cal dispuxo a CIG exposto no antecedente 2, e que consta debidamente materializado, ao acusar recibo o sindicato CIG en data 10/04/2025, que é a persoa xurídica lexitimada para a negociación conforme á normativa vixente.

De calquera xeito, e dado que a ausencia de comparecencia no trámite de audiencia non obsta á interposición dos recursos administrativos normativamente contemplados, no lexitimo exercicio de dereitos, cómpre analizar as razóns alegadas.

Debe indicarse que o recurso presentado conforma un relato fáctico que, máis que conter argumentacións xurídicas, aporta a interpretación que da relación de postos de traballo, da normativa de aplicación e dos acordos adoptados en mesa xeral de negociación entre as partes lexitimadas ao efecto. Por tanto, efectuarase unha síntese dos argumentos que conforman o texto do recurso, en forma que permita informar sobre os mesmos coherentemente.

En primeiro lugar, a parte recorrente parece alegar a ausencia de indicación expresa na relación de postos de traballo municipal (RPT) da posibilidade de convocatoria aberta a persoal procedente de outras Administracións Públicas, citando o art. 38.5 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

Se ben é certa e correcta a cita normativa, a aplicación da mesma ao suposto concreto e a conclusión que a parte recorrente extrae non se comparte, por canto que na RPT municipal vixente (BOPPO nº 183, do xoves 19 de setembro do 2024) recóllese expresamente o teor literal seguinte (punto 11, FP-Forma de provisión, folios 28 a 30, en concreto v. folio 30 do anuncio)¹:

"CONVOCATORIA

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/ Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo."

Dita relación de postos de traballo foi negociada colectivamente no marco do proceso de diálogo social que se desenvolve no Concello de Vigo, sen que conste que se manifestase, en momento algún, oposición sindical da recorrente a tal provisión. Amáis delo, esta provisión xa constaba incorporada ás RPTs aprobadas e negociadas nos anos 2022 e 2023, ao traer causa da necesidade de determinación da forma de provisión dos postos de traballo, e da necesidade da súa provisión definitiva, en execución de resolución xudicial firme.

Por tanto, non se trata de novidade algunha, non parecendo ter sustento, en consecuencia, a afirmación de que a RPT non recolle a expresa indicación respecto da forma de provisión dos postos de traballo, dado que, como pode verificarse na propia publicación oficial, sí se recolle provisión expresa ao efecto, diferenciando entre libre designación, concurso específico e concurso ordinario, e tendo sido validada a forma de provisión das xefaturas encadradas nos subgrupos A1 e A2 do Concello de Vigo pola xurisdicción contencioso-administrativa (Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo).

Tamén cómpre invocar o informe de data 09/03/2022 (expediente nº 1690-110) no cal, respecto da convocatoria aberta a persoal procedente doutras Administracións Públicas para a provisión definitiva de postos de traballo do Concello de Vigo polo sistema de concurso específico, se sinala o seguinte:

"En primeiro lugar cómpre manifestar que a relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 e instrucións sobre plantilla máis anexos que foron rectificadas por sesión do mesmos órgano 11 de outubro e 2 de novembro de 2010 determina no apartado 9 << As convocatorias de concurso ou de libre designación,

1 (A negriña e o subliñado é noso)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

efectuaranse con carácter interno, agás que en cada unha delas a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios.>>

O artigo 101 da LRBRL, de carácter básico, determina" los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.

En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.

E o artigo 38.5 do TREGG determina "As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade". O artigo 208.1 da LEYG refírese a administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no está referido a apertura de postos da administración local a outros funcionarios.

Dentro deste marco normativo a proposta de xeito motivado recolle a posibilidade,non a obrigatoriedade, de que os postos de traballos a proveer por libre designación ou concurso específico (porcentaxe inferior ao 7% dos postos do Concello) se abran a persoal doutras administracións. Serán as bases da convocatoria de provisión de cada posto as que en atención as circunstancias concorrentes en cada momento materialicen ou non esa posibilidade de xeito que para que persoal funcionario doutras administracións poida ocupar postos do Concello de Vigo requírese que, ademáis de que esos postos figuren nas relacións de postos de traballo como postos que se poidan ofrecer a aqueles, tamén debe expresarse nas oportunas convocatorias de concurso ou de libre designación.

Non obstante, clarificarase na memoria xustificativa e informe proposta que a posibilidade de apertura dos postos relacionados a persoal funcionario doutra administración materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo."

Dito informe forma parte do expediente de aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2022, plenamente axustada á normativa vixente, tendo sido declarada a forma de provisión dos postos de traballo contemplada nesa data, e recollida nas RPTs posteriores, como axustada a Dereito polos órganos xurisdiccionais competentes.

*A maiores do anterior, e en forma complementaria, indícase que o Tribunal Supremo ten declarado recentemente (**STS 1884/2025- ECLI:ES:TS:2025:1884**) e no relativo á consideración dos servizos prestados -se ben con profundo alcance en materia de provisión- que (Fto. xco. Cuarto):*

"las comisiones de servicios, aunque tengan una duración limitada en el tiempo, no son vínculos de carácter temporal sino un supuesto de provisión de puestos de quienes ya tiene un vínculo estable con la Administración. Así aparecen reguladas dentro del Capítulo IV del Título Tercero - artículo 64- del Real Decreto 364/1995. Además, el nombramiento para una vacante en el Cuerpo de Inspectores no puede ser considerado como un nombramiento de duración determinada a los efectos de la Directiva 1999/70 ya que, como ya ha dicho esta Sala (STS 540/2022, de 5 de mayo, dictada en recurso 7304/2020) "las previsiones de la misma son de aplicación a los empleados de duración determinada, de carácter temporal, pero no a los funcionarios de carrera que tienen legalmente reconocido el derecho a la inamovilidad."

Estímase necesario deixar constancia da boa fe da Administración Municipal no proceso de diálogo social desenvolvido en materia de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2 actualmente en execución, e moi especialmente na aprobación da presente convocatoria e bases², que respetan os criterios xerais sometidos a negociación colectiva e o marco normativo referencial de aplicación, e que son análogas ás bases tipo utilizadas polas funcionarias de carreira instrutoras dos expedientes administrativos de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2 polo sistema de concurso específico (distribuídos por escalas de Administración Xeral e Especial, conforme ás resolucións administrativas dictadas); e que se corresponden, a salvo do punto indicado na nota ao pe núm. 3 e sometido a audiencia da recorrente, con aquelas aprobadas nas convocatorias executadas ata o momento. Polo que a boa fe debe ser predicada, e predicable, de ambas partes negociais, e non só dunha delas.

No relativo á solicitude de convocatoria aberta que formula a xefatura da Área de Xestión Patrimonial e territorial en documento asinado en data 29/01/2025, e que a parte recorrente cuestiona, debe indicarse que as mesmas se recollen con detalle e claridade pola responsable directiva da Área da cal depende xerárquicamente o posto de traballo obxecto de convocatoria, sendo aquela a directa coñecedora das necesidades do servizo expostas no documento.

Ao respecto sinálase que pode concorrer un posible erro de apreciación no escrito presentado pola recorrente, ao indicar no mesmo *"Que na RPT do Concello de Vigo publicada no BOPPO número 183 do 19 de setembro de 2024 indícase que para o posto de xefe/a de Museos Municipais (Ref. posto. 140101) a forma de provisión será o Concurso Específico e a titulación será a de Grao nas ramas de Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias da saúde, Arte e Humanidades, Enxeñería e arquitectura, Título de Enxeñería técnica, Diplomatura universitaria, Arquitectura-técnica e FP3 ou equivalente sen indicar expresamente que o posto poderá ser convocado por concurso específico aberto a outras administracións ou sen indicar mención especial a algún tipo de estudos ou coñecementos específicos como requisito imprescindible de acceso a este posto"*

Segundo a vixente RPT, cuxa publicación oficial xa foi citada anteriormente, consta que o posto de traballo tipo 140101 -"xefe/a museos municipais" é un posto de traballo reservado

2 Lémbrese que consta a realización, xa detallada nos antecedentes, dun trámite de audiencia, do cal acusa recibo o sindicato recorrente, no relativo ao único punto das bases que podería verse modificado, proposto pola Área de Xestión territorial e patrimonial, sen que conste a presentación de alegacións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

a persoal funcionario de carreira, encadrado nos subgrupos A1/A2 de titulación, pertencente á Escala de Administración Especial (AE), subescala de cometidos especiais (CE) e forma de provisión concurso específico (CE), esixíndose como titulacións para o acceso aquelas con código 1 (licenciatura universitaria ou equivalente) ou 2 (diplomatura universitaria ou equivalente).

Por tanto, as titulacións que invoca a recorrente non son as que recolle o instrumento de ordenación e clasificación de recursos humanos negociado, aprobado e publicado. En atención ao exposto, o recurso debe ser íntegramente desestimado, xunto coa solicitude de suspensión formulada.

III.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.

O art. 4.1., apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) xa citada recoñécelle aos municipios, entre outras, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación, respectivamente.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da mesma norma básica.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025) e da Concelleira-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025) sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Desestimar a solicitude de suspensión da execución do acto obxecto de impugnación formulada en recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño do 2025, de aprobación das basees reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 46.508-220) e citado no antecedente 4 o do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede

Segundo.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño do 2025, de aprobación das basees reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 46.508-220) e citado no antecedente 4 do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos recorrentes e persoas interesadas, ás persoas designadas como instructoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no

Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Cuarto.- *Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa"*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(555).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE ÁREA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE DE TRÁFICO E EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 1864/1102.

Visto o informe de fiscalización do 07/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/07/2025, asinado pola Secretaria de Goberno local, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 31 de marzo de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras para a provisión do posto de traballo de Xefe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios mediante o sistema de libre designación mediante o sistema de libre designación e a súa convocatoria.

Trala publicación das bases no BOP núm 71 data 14.04.2025, extracto de anuncio do DOG núm. 95 de data 13.05.2025, publicouse no BOE núm. 132 de data 2.06.2025 a convocatoria de provisión do posto pola que se procedeu e apertura do prazo de presentación de instancias que rematou o día 23.06.2025.

Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 1864-1102 presentouse a seguinte solicitude:

ASPIRANTE

DNI

ANTONIO VIVERO MIJARES

0882*

3.- En data 25.06.2025, trala verificación do cumprimento dos requisitos por parte do aspirante, solicitouse a Xefatura de Área de Servizos Xerais a emisión de informe consonte o disposto no artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto.

5.- En data 1.07.2025 emitíuse o informe solicitado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e

Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- Do postos de traballo obxecto de provisión

O posto de traballo convocado, xefe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios, atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO núm. 183, do 19.09.2024) . Segundo dita RPT o sistema de provisión é a libre designación.

Segundo.- Da libre designación

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Concretamente o artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico determina “*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a quince días hábiles, o órgano convocante, por proposta/informe da persoa titular do centro directivo a que estea adscrito o posto convocado, poderá, de forma discrecional:*

a) Adxudicar o posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes, sempre que reúnan os requisitos esixidos para o seu desempeño,

b) ou declarar deserta a convocatoria, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.

O órgano competente para a adxudicación dos postos poderá solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade das persoas candidatas”.

Terceiro.- Idoneidade dos candidatos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

Consta no expediente informe de data 1.07.2025 emitido polo Xefe de Área de Servizos Xerais que literalmente di” A vista da documentación achegada polo aspirante cabe destacar que leva exercendo dende febreiro de 2013 (mediante Decreto do Concelleiro de Xestión Municipal de 01 de febreiro de 2013), ata a actualidade o posto de traballo obxecto da convocatoria, Xefe da Área de Mobilidade, Seguridade de Tráfico e Extinción de Incendios, polo que ten coñecemento dos expedientes e procedementos que se tramitan nesa Área.

O posto de Xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade de Tráfico e Extinción de Incendios, está integrado na estrutura administrativa da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e segundo consta na memoria xustificativa da relación de postos de traballo vixente no Concello de Vigo:

“A especial confianza do citado posto ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno superior inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias en materia de política da área de seguridade. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A natureza das funcións, o grado de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.”

Polo exposto, a vista de que o aspirante acredita o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e considerando a experiencia acreditada no desenvolvemento da Xefatura da Área obxecto de provisión definitiva, posto de especial confianza, e tendo en conta o feito de que esta confianza do órgano superior se manteña durante máis de 12 anos ininterrompidamente ata actualidade, se conclúe que o aspirante Antonio Vivero Mijares reúne as características adecuadas para a provisión do posto de Xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade de Tráfico e Extinción de Incendios”.

CUARTO.- Do órgano competente

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal, a adopción do seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a ANTONIO VIVERO MIJARES con DNI **0882*** o posto de Xefe de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios (referencia posto na RPT: 2010101).

SEGUNDO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(556).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA-CASTRELOS”. EXPTE. 6448/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/07/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Dende o Departamento de Vías e Obras remítese o proxecto básico e de execución de "REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO", redactado e asinado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SETE MIL SESENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (87.062,55 €), e asinado dixitalmente o día 30 de xuño de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

II.- O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 28.06.2024 informou que o documento presentado cumpre cos obxectivos propostos, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos na data 26.12.2023, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O proxecto contempla as actuacións necesarias para a rehabilitación e mellora do muro tradicional de peche e contención sito na fronte do camiño da Galindra, na fachada principal da urbanización do mesmo nome, na parroquia de Santa María de Castrelos, no termo municipal de Vigo. As actuacións descritas consisten na rehabilitación do muro tradicional existente de peche da parcela e contención de terras, que na actualidade encóntrase parcialmente destruído a consecuencia de diversas patoloxías construtivas que afectaron a súa capacidade portante, poñendo en cuestión a seguridade e estabilidade do mesmo.

De acordo coa configuración topográfica da zona e da súa configuración xeométrica, adoptouse a seguinte solución proxectual:

- Desmontaxe parcial e consolidación dos extremos do muro existente, configurando un entorno apto e suficiente e unhas condicións apropiadas para a realización dos traballos. Se poñerá especial cuidado á hora de desmontar ditos extremos da mampostería para facilitar a execución dun muro de formigón proxectado no seu trasdós e garantir o engarce destas zonas co tramo do muro a repoñer.
- Como traballos previos, contéplase a retirada dos terreos existentes no trasdós de ditos extremos do muro en pé, de forma que se posibilite a realización da escavación precisa para levar a cabo a cimentación do novo muro interior a executar. Se poñerá especial cuidado á hora de levar a cabo a escavación necesaria, retirando as terras do trasdós do muro que se vaia desmontando, e ataluzando ditos terreos suficientemente para garantir a seguridade dos mesmos e o conxunto. Os terreos retirados acopiaranse na propia parcela do espazo libre existente, para a súa posterior reposición novamente no trasdós do muro, que serán debidamente compactados ao Próctor Normal por tongadas, ao igual que a mampostería de granito, que acopiaranse na parcela para a súa posterior reposición.
- Posteriormente executarase a cimentación e o muro de formigón interior para dispoñer de novo a mampostería de granito cara a rede viaria do camiño da Galindra, contigua ao muro de formigón, a cal contará cun lixeiro ataluzamento.
- Prevese a impermeabilización do muro de formigón e a recollida das augas do seu trasdós por medio de tubo drenante a pé do mesmo, que se conectará á rede de pluviais existente no acceso rodado contiguo.
- Na coroación do muro xa executado, realizarase un zuncho corrido superior que conectará a coroación do muro coas pedras do muro de mampostería, evitando así que poidan soltarse e desprenderse no futuro.

- Finalmente, completárase o conxicionado do drenaxe á reixa de pluviais existente no acceso ao aparcamento da urbanización contiguo ao punto de execución da obra.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS (2) MESES.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 06.08.2024, pola que se autoriza o proxecto de control arqueolóxico da rehabilitación de muro de peche e contención no Camiño da Galindra, Castrelos, Vigo, coa afección do/s xacemento/s de CASTRO DO MONTE DA MINA (GA36057149).

V.- A Enxeñeira Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 04.07.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Tendo en conta o Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993 vixente, debido á declaración de nulidade de Ordenación Municipal de Vigo PXOM-08, segundo sentenza do Tribunal Supremo recurso casación núm. 1658/2014. En aquelas zonas onde o PXOU-93 non se axusta á realidade urbanística existente no término municipal, é de aplicación o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), elaborado polos Servizos Técnicos Municipales da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e aprobado definitivamente o 24 de Xullo de 2019.

Tralo desenrolo da Unidade de Execución nº 6 Galindra, definida no PXOU 93 do Concello de Vigo, actualmente a parcela onde atópase o muro a reparar encontrase localizado en Solo Urbano Consolidado. A súa vez, o muro encontrase sobre a aliñación recollida no Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) vixente no Concello de Vigo.

Por outro lado, encóntrase aprobado definitivamente, por acordo Plenario de data 26/05/2025, e pendente nestes momentos da súa entrada en vigor, tal e como se describe na Memoria Urbanística, o PXOM 2025.

A urbanización de A Galindra está incluída na área de respecto (contorno de protección) do xacemento arqueolóxico do Castro do Monte de A Mina (GA36057149). Ademais, nas proximidades do muro a rehabilitar, encóntrase o Cruceiro Calvario da Costa. As fichas do PBA de ambos elementos incorpórase na Memoria Urbanística do Proxecto e adxúntase ao mesmo no Anexo nº 9.

Por resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con fecha 6 de agosto de 2024, autorízase o proxecto de control arqueolóxico da rehabilitación de muro de peche e contención no camiño da Galindra, Castrelos, Vigo, coa afección do/s xacemento/s de Castro do Monte da Mina (GA36057149).

En canto os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de "**REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA - CASTRELOS, VIGO**", redactado e asinado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SETE MIL SESENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (87.062,55 €), e asinado dixitalmente o día 30 de xuño de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(558).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA E CONTROL DA EXECUCIÓN DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 2294/441.

Visto o informe xurídico do 09/07/2025 e o informe de fiscalización do 11/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2025, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- O obxecto do presente expediente contempla a contratación por parte do Concello de Vigo do servizo de “Asistencia técnica á dirección facultativa e control de execución das obras promovidas polo Concello de Vigo, cun orzamento de execución material de ata TRES MILLÓNS DE EUROS (3.000.000,00 €).

2.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, o día 14.04.2025 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal o mesmo día o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes acordou o inicio do expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase axeitado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a súa definición:

3.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola técnica de xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais o día 14.04.2025, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 14.04.2025.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 23.05.2025.
- d) Memoria económica asinada polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (Por resolución do Concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes de data 13.06.25, a técnica de xestión) e polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos do día 16.06.2025.
- e) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 13.05.2025.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada o día 26.05.2025.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 17.06.2025.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 17.06.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu

método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA E CONTROL DA EXECUCIÓN DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO, cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de CINCOCENTOS VINTE MIL SETENTA E UN EUROS con CINCUENTA E CINCO" (520.071,55 €), segundo a distribución de lotes proposta:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
Importe máximo sen IVE	371.616,00 €	58.195,20 €	429.811,20 €
IVE 21%	78.039,36 €	12.220,99 €	90.260,35 €
TOTAL	449.655,36 €	70.416,19 €	520.071,55 €

Segundo.- Aprobado o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 23.05.2025.

Terceiro.- Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación o día 17.06.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 (ASISTENCIAS DE TRABALLOS TÉCNICOS) por importe de 86.678,591 € e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 crédito por importe de 260.035,78 € e 173.357,18 € respectivamente , coa seguinte distribución:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
2025	74.942,56 €	11.736,03 €	86.678,59 €
2026	224.827,68 €	35.208,10 €	260.035,78 €
2027	149.885,12 €	23.472,06 €	173.357,18 €
TOTAL	449.655,36 €	70.416,19 €	520.071,55 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Aceptación da subvención da Fundación biodiversidade F.S.P. para o fomento de actuacións dirixidas ao desenvolvemento e consolidación da infraestrutura verde, para a renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente ao ano 2024, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Expte. 2250/441.

.- Declaración de deserto da contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para control e seguimento da execución das obras do proxecto de “Mellora da piscina municipal de Teis”. Expte. 2225/441.

.- Autorización para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do Concello de Vigo para os anos 2025 a 2028. Lotes 2 e 5. Expte. 18398/306.

.- Expediente de contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmoables do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. Expte. 22197/240.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(559).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE F.S.P. PARA O FOMENTO DE ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO DESENVOLVEMENTO E CONSOLIDACIÓN DA INFRAESTRUTURA VERDE, PARA A RENATURALIZACIÓN E RESILIENCIA DE CIDADES ESPAÑOLAS CORRESPONDENTE AO ANO 2024, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE. 2250/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2025, asinado polo xefe da Área de Inversións e o xefe do servizo xurídico da Área de Fomento, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Con data do 25 de setembro de 2024 publicouse no Boletín Oficial del Estado a Orde TED/1060/2024, do 25 de setembro, pola que se proban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., en réxime de concorrència competitiva, para o impulso da infraestrutura verde, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A dotación máxima global da convocatoria é de 39.794.626 €. O importe total máximo para as rexións en transición, entre as que se inclúe Galicia, é de 16.561.818 €.

O importe total mínimo por proxecto será de 2.500.000 € e o máximo de 3.500.000 €. As solicitudes que se presenten fóra deste rango non serán admitidas.

A intensidade da subvención será do 60% no caso das actuacións situadas nas comunidades autónomas de Asturias, Illes Balears, Cantabria, Castilla e León, Comunidade Valenciana, Galicia, A Ríoxa e Rexión de Murcia e o 40% no caso das actuacións situadas nas comunidades autónomas de Aragón, Cataluña, Comunidade de Madrid, Comunidade Foral de Navarra e País Vasco.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

Os proxectos terán unha duración máxima de 3 anos e non poderán comezar antes da data de resolución da convocatoria. En calquera caso, a data límite de finalización dos proxectos establécese en 15 meses antes da finalización do Programa Plurirrexional de España FEDER 21-27, prorrogas incluídas.

II.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 25 de febreiro de 2025, entre outros asuntos acordou a aprobación da “PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE F.S.P. PARA O FOMENTO DE ACTUACÍONS DIRIXIDAS AO DESENVOLVEMENTO E CONSOLIDACIÓN DA INFRAESTRUTURA VERDE, PARA A RENATURALIZACIÓN E RESILIENCIA DE CIDADES ESPAÑOLAS CORRESPONDENTE AO ANO 2024, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)”, de acordo co contido do EXPTE. 2250/441.

III.- RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE F.S.P. PARA O FOMENTO DE ACTUACÍONS DIRIXIDAS AO DESENVOLVEMENTO E CONSOLIDACIÓN DA INFRAESTRUTURA VERDE, PARA A RENATURALIZACIÓN E RESILIENCIA DE CIDADES ESPAÑOLAS CORRESPONDENTE AO ANO 2024, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL(FEDER).

Con data 10 de xullo, o Subdirector de Subdirección Biodiversidade e Cambio Climático, resolve adxudicar provisionalmente as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento de actuacións dirixidas a consolidación da infraestrutura verde para a renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente ao ano 2024, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER que figura na citada resolución e polos importe alí fixados. Dita resolución tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 11/07/2025, e na cal identifícase:

- Proxecto: Alcabre Verde: Mitigación dos efectos paisaxísticos e ambientais derivados da expansión urbana e mellora da conectividade ecolóxica e social de Alcabre-Navia.
- Nº expediente: 86/2025
- Presuposto total aprobado: 3.499.984,76 € (2.099.990,86 € de axuda FEDER)

O punto segundo da citada resolución establece un prazo máximo de 10 días hábiles improrrogables a contar dende o día seguinte á recepción da resolución provisional, coa advertencia de que, se non o fixese, e previa resolución, terase desistido da solicitude nos termos previstos nos artigos 23.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro e

68.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Rematando o prazo para remitir a documentación o 24/07/2025 (inclusive).

A aceptación presentarase a través sede electrónica da web: <https://fundacion-biodiversidad.sedelectronica.es>

IV.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE F.S.P. PARA O FOMENTO DE ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO DESENVOLVEMENTO E CONSOLIDACIÓN DA INFRAESTRUTURA VERDE, PARA A RENATURALIZACIÓN E RESILIENCIA DE CIDADES ESPAÑOLAS CORRESPONDENTE AO ANO 2024, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL(FEDER).

A vista dos antecedentes descritos e tendo en conta a obriga que se deriva da resolución provisional pola que se concede ao Concello de Vigo unha subvención (2.099.990,86 € de axuda FEDER) sobre o importe total do proxecto de 3.499.984,76 € para o desenvolvemento do proxecto “Alcabre Verde: Mitigación dos efectos paisaxísticos e ambientais derivados da expansión urbana e mellora da conectividade ecolóxica e social de Alcabre-Navia”, presentado a citada convocatoria, debese proceder de acordo co modelo de aceptación da subvención concedida a:

- Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola referida resolución
- Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións e, de maneira expresa, cumprindo o Regulamento (UE) n.º 2021/1060 del Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, e de forma específica co disposto no artigo 73.3.

III.- PROPOSTA:

A vista da resolución de data 10 de xullo de 2025, do Subdirector de Subdirección Biodiversidade e Cambio Climático, pola que se procede a adxudicar provisionalmente a subvención ao proxecto “Alcabre Verde: Mitigación dos efectos paisaxísticos e ambientais derivados da expansión urbana e mellora da conectividade ecolóxica e social de Alcabre-Navia”, na que figura o Concello de Vigo cunha subvención de (2.099.990,86 € de axuda FEDER) sobre o importe total do proxecto de 3.499.984,76 €, procede propoñer a súa aceptación.

A presente proposta non producirá nesta fase, ningunha autorización ou aprobación de gasto algún para o Concello de Vigo con cargo aos seus orzamentos, nin ningunha



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

fase de execución orzamentaria.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro: Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola resolución de data 10 de xullo de 2025, do Subdirector de Subdirección Biodiversidade e Cambio Climático, pola que se procede a adxudicar provisionalmente a subvención ao proxecto “Alcabre Verde: Mitigación dos efectos paisaxísticos e ambientais derivados da expansión urbana e mellora da conectividade ecolóxica e social de Alcabre-Navia”, na que figura o Concello de Vigo cunha subvención de (2.099.990,86 € de axuda FEDER) sobre o importe total do proxecto de 3.499.984,76 €.

Segundo: Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións y, de maneira expresa, todas as condicións da axuda, entre a Fundación Biodiversidade e a entidade beneficiaria, cumprindo o Regulamento (UE) n.º 2021/1060 del Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, e de forma específica co disposto no artigo 73.3.

Terceiro: Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización do modelo de aceptación da subvención concedida que se achega como anexo a esta proposta, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación e seguimento da mesma a través sede electrónica da web, creada ao efecto: <https://fundacion-biodiversidad.sedelectronica.es>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(560).- DECLARACIÓN DE DESERTO DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2225/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 17/07/2025, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratacións do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratacións do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 24 de marzo de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 8 de abril de 2025.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 9 de abril de 2025, durante o prazo de recepción de ofertas, presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. DESTRO CONSULTING, SL

Cuarto.- En data 10 de abril de 2025 procedeuse a apertura e cualificación da documentación administrativa pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, que acordou por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento a todos os licitadores *"por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos"*.

Na mesma sesión da Mesa de Contratación do 10 de abril de 2025 procedeuse á descryptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos., e a Mesa, por unanimidade dos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

membros presentes, acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Quinto.- Con data 14 de xullo de 2025, o comité de expertos nomeado neste procedemento, emite informe técnico de valoración da documentación presentada no sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 17 de xullo de 2025.

En base ao referido informe, a Mesa de Contratación acorada, asemade, a exclusión de DESTRO CONSULTING, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A) do Anexo I -FEC- do PCAP que establece que *"aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación"*, considerándose ofertas con calidade técnica inadecuada *"todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor."*

Sexto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 17 de xullo de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a licitadora admitida neste procedemento foi excluída do mesmo por acordo da Mesa de Contratación de data 17 de xullo de 2025, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A) do Anexo I -FEC- do PCAP, compre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Terceiro.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2225-441) por quedar excluída a única licitadora admitida no mesmo.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(561).- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA: QUIOSCOS EXPENDEDORES DE COMIDAS E BEBIDAS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO PARA OS ANOS 2025 A 2028. LOTES 2 E 5. EXPTE. 18398/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028 (18398-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 18398/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

servizos de temporada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas, cos seus anexos, para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do Concello de Vigo para os anos 2025 a 2028, asinado dixitalmente pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de maio de 2025.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 27 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para outorgamento da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028 (18.398-306) na seguinte orde decrecente:

- LOTE 2, quiosco situado no areal de Santa Baia (Alcabre):

1º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

2º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 90,05 puntos, un canon anual de 33.500,10 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

- LOTE 3, quiosco situado no areal do Tombo do Gato:

1º.- JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ, con 100 puntos, un canon anual de 13.528,28 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

- LOTE 4, quiosco situado no areal do Tombo do Gato:

1º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 31.500,10 euros e modelo de quiosco “tipo 2”.

2º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 83,17 puntos, un canon anual de 26.199,00 euros e modelo de quiosco “tipo 2”.

- LOTE 5, quiosco situado no areal de Argazada:

1º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 88,11 puntos, un canon anual de 32.779,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

3º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 66,59 puntos, un canon anual de 24.772,10 euros e elixe o modelo de quiosco “tipo 1”.

- LOTE 6, quiosco situado no areal de Samil:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 74,67 puntos, un canon anual de 27.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

3º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 66,59 puntos, un canon anual de 24.772,10 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 7, quiosco no areal de Samil:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e elixe o modelo de quiosco "tipo 1".

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 74,67 puntos, un canon anual de 27.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 8, quiosco do areal de Samil:

1º.- JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ, con 100 puntos, un canon anual de 31.528,28 euros e modelo de quiosco "tipo 3".

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 91,27 puntos, cun canon anual de 28.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 9, quiosco situado no areal do Vao:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 77,36 puntos, un canon anual de 28.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

3º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 66,59 euros, un canon anual de 24.772,10 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 10, quiosco situado no areal do Vao:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 22.199,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 11, quiosco situado no areal da Etea:

1º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 31.500,10 euros e modelo de quiosco "tipo 4".

2º.- XOSÉ MARÍA MIGUENS GONZALVES, con 95,55 puntos, un canon anual de 30.100,00 euros e modelo de quiosco "tipo 2".

3º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 91,36 puntos, un canon anual de 28.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 2".

4º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 83,17 puntos, un canon anual de 26.199,00 euros e modelo de quiosco "tipo 2".

Segundo.- Requirir aos clasificados en primeiro lugar, TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (lotes 2 e 5), D. Jesús Alberto Sousa Rodríguez (lotes 3 e 8), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 4 e 11) e SUNSET VIBES, S.L. (lotes 6, 7, 9 e 10), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (cláusula décima do PCAP e artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

2. *A documentación esixida nas cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):*
 - *Documentos acreditativos da personalidade xurídica (os empresarios individuais copia do DNI e os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda)*
 - *Documentos acreditativos da representación (cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s)*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible na cláusula undécima do PCAP por importe de 1.200 euros por lote.*
4. *Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 2 e 5 deste procedemento, TRIBUNA VIGO 2020, SL, o día 30 de xuño de 2025. En datas 3 e 4 de xullo de 2025, a adxudicataria presenta escrito de renuncia ao outorgamento da autorización para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada dos lotes 2 e 5, xunto coa acreditación da representación.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do 9 de xullo de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, aceptar a renuncia de TRIBUNA VIGO 2020, SL para os lotes 2 (“quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) sinalado co nº 2 nos planos do Anexo II”) e 5 (“quiosco do areal de Argazada sinalado co nº 5 nos planos do Anexo II”) e tendo en conta o anterior, requirir, á vista do acordo de clasificación de data 27 de xuño de 2025, aos licitadores clasificados en segundo lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (Lote 2) e MANUEL LAGO CHAPELA (Lote 5) para que presenten, no prazo de dez días hábiles a esixida segundo a cláusula décima do PCAP e o artigo 150.2 LCSP.

Sendo notificados ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (Lote 2) e MANUEL LAGO CHAPELA (Lote 5) en data 10 de xullo de 2025, presentan a documentación requirida, dentro do prazo outorgado.

Esta documentación consta de:

- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (lote 2)

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de nomeamento do seu representante e o seu DNI.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.

- Xustificante de transferencias por un importe de 1.200,00 euros que cobre a garantía definitiva requiridas para o lote 2, figurando o correspondente documento de Tesourería no expediente.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

- MANUEL LAGO CHAPELA (lote 5)

- Copia do DNI.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.
- Xustificante de ingresos por un importe de 1.200,00 euros que cobre a garantía definitiva requiridas para o lote 5, figurando o correspondente documento de Tesourería no expediente.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada polas licitadoras e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 2 e 5 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en segundo lugar ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (lote 2) e MANUEL LAGO CHAPELA (lote 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar as correspondentes autorizacións.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor dos licitadores que teñan presentado as mellores ofertas, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosa para a administración contratante son as formuladas por ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (lote 2) e MANUEL LAGO CHAPELA (lote 5), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 27 de xuño de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do Concello de Vigo para os anos 2025 a 2028 (18398-306) aos seguintes licitadores e coas seguintes condicións:

- a) Lote 2 (*“quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) sinalado co nº 2 nos planos do Anexo II”*): autorízase a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL:
 - Por un canon de:
 - Lote 2: 33.500,10 euros
 - Co seguinte modelo de quiosco:
 - Lote 2: tipo 1
- b) Lote 5 (*“quiosco do areal de Argazada sinalado co nº 5 nos planos do Anexo II”*): autorízase a MANUEL LAGO CHAPELA:
 - Por un canon de:
 - Lote 5: 32.779,00 euros
 - Co seguinte modelo de quiosco:
 - Lote 5: tipo 1

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(562).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA OS BENS MOBLES E INMOBLES DO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 22197/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 17/07/2025 e o informe de fiscalización do 18/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2025, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- Pola xefatura de servizo de Patrimonio, co conforme da Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas. E o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, redactouse o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación desa póliza de todo risco que cubra os danos materiais nos bens do Concello.

Así mesmo, redactouse o 8 de maio do 2025 o Prego de prescricións técnicas para a súa contratación, incorporando igualmente ó expediente a memoria xustificativa e económica asinadas nas datas 2/06/2025 (ampliación do 14/07/2025) e 4/06/2025, respectivamente.

Segundo.- O 14 de xullo do 2025 emitiu informe o servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo o 17/07/2025 á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo. Concello de Vigo, por procedemento aberto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), téndose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local,

no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo. Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 8/05/2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 17/07/2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 92002240002 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
2025	125.000,00 €
2026	250.000,00 €
2027	125.000,00 €
TOTAL	500.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(563).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

if.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1924/1102

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez